



## **O Colexio de Traballo Social de Galicia denuncia a exclusión do traballo social nas Comisións de garantía e avaliación da eutanasia e a demora no desenvolvemento das mesmas**

- ***O COTSG reivindica os coñecementos e a experiencia acumulada deste perfil profesional para pór en consideración as circunstancias sociais e sociosanitarias de cada solicitude, garantindo que a decisión responda da mellor forma posible ás necesidades e desexos da persoa.***
- ***Lembra que outras Comunidades Autónomas contemplan o profesional de Traballo social nas Comisións de Garantías, tales como Asturias, Madrid, Cataluña ou Valencia, atendendo ao cumprimento da valoración do artigo 5.1b da Lei Orgánica 3/2021 de Regulación da Eutanasia.***

*Redacción 30-06-21.* Logo da entrada en vigor, o pasado venres 25 de xuño, da Lei Orgánica 3/2021 de Regulación da Eutanasia, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia denuncia a inxustificada demora da Xunta no desenvolvemento das Comisións de garantía e avaliación que a antedita lei contempla, así como a tamén inxustificada exclusión do persoal de traballo social destas Comisións.

Galicia acumula un notable atraso no proceso mentres a maior parte das outras comunidades autónomas xa están a pór en marcha as súas comisións. En autonomías como a veciña Asturias, a Comunidade Valenciana, Madrid ou Cataluña a figura das e dos traballadores sociaisxa están incluídas nos comités. Non é o caso de Galicia, logo de que a Xunta ignorase os escritos fundamentados e as tentativas de comunicación por parte do Colexio galego.

Xa no mes de maio, dous meses despois da aprobación desta normativa no Congreso e sen que a Xunta tivese desenvolto a creación das Comisións, dende o Colexio solicitouse ao Goberno galego que se tivese en conta a figura das e dos traballadores sociais sanitarios dentro das mesmas e ofreceu toda a súa colaboración para facer isto posible.

Así mesmo, ponse de manifesto que a non consideración do Traballo Social Sanitario na Comisión de Garantías, vulnera a valoración integral dos casos que solicitan a aplicación desta Lei, pola ausencia de profesionais que sopesen de maneira específica os condicionantes sociais de cada persoa.

É preciso lembrar, neste sentido, que o Traballo Social sanitario, na súa competencia de coordinación sociosanitaria, abrangue o sistema social e o sanitario, constituíndo un perfil moi valioso con coñecementos propios da saúde e da intervención social, ao que contribúen á súa perspectiva holística, integrando as diferentes dimensións das persoas.

Por outra banda, o Traballo Social configúrase como unha disciplina con experiencia na xestión de información, con especial coñecemento dos valores éticos, dos dereitos e recursos sociais existentes; así como no asesoramento sobre planificación de decisións anticipadas e instrucións previas, tendo en conta os valores persoais e a perspectiva subxectiva individual,

como elementos esenciais para a toma de decisións. As e os traballadores sociais sanitarios constitúen un perfil moi valioso por posuíren coñecementos propios da saúde e da intervención social.

Na decisión de acurtar a vida ou pór fin á mesma cando se dan as circunstancias previstas na Lei Orgánica, existen aspectos sociais, morais, familiares, económicos e sanitarios que conflúen. É, pois, o escenario axeitado para a contribución dun/ha traballador/a social sanitario, con experiencia e capacidade para valorar adecuadamente as solicitudes. Esta figura pode asesorar cada caso pondo en consideración a miríade de circunstancias sociais e sociosanitarias, garantindo que a decisión responda da mellor forma posible ás necesidades obxectivables e desexos da persoa, de acordo cos seus principios e valores éticos.

**Gabinete de Comunicación do COTSG**  
**604 07 63 63**